

Nós¹

Como cansa ás veces a pegada dos pasos sen pisada,
o fedor da sombra enaltecida,
o eco da voz metalizada,
a cháchara indolente do perpetuo adolescente,
a industria que alimenta o noso ego,
a vaidade feita cirurxía,
o Frankenstein normalizado,
a eterna mocidade dos cadáveres que somos...

Somos masa consumista, adictos compulsivos,
eus intoxicados coa preada dos media
que alimentan publicistas e mercadores
putrefactos.

Somos máscaras grotescas, absurdos encarnados,
esperpentos engalanados co
sorriso do pallaso toleado.

Somos cascas baleiras,
alienada civilización en descomposición
que asfixia cos seus cheiros e estertores
o bico da luz
e que afoga coas súas diarreas e xurros
a beleza da flor enamorada.

¹ Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](http://abrentes.com), 28 de outubro, 2018. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

